

Drexler, Amancio Prada ou Tricicle, apostas para esta primavera no Jofre

O Concello ferrolán presentou onte as propostas dos tres próximos meses

REDACCIÓN FERROL

O Teatro Jofre seguirá a ser o referente en canto a contidos artísticos nos meses de abril, maio e xuño. Unha oferta cultural presentada onte polo alcalde, José Manuel Rey Varela, e o concelleiro de Cultura, Reyes García.

Destaca a continuidade do prestixioso ciclo de grandes concertos "Son (S) do Jofre", que traerá a Ferrol a grupos e artistas consolidados no panorama nacional como é o caso de "Los Secretos" (5 de abril), que xa vendeu todas as entradas; o cantautor leonés Amancio Prada (24 de maio) e o uruguayo Jorge Drexler (21 de xuño). No eido teatral destacan espectáculos escénicos como "100% Tricicle" (22 de abril), mentres a compañía galega Chévere porá en escena "Eurozone" –a gran gañadora dos Premios María Casares fallados o xoves– o vindeiro 17 de maio.

En canto á danza contemporánea, poderá verse "B-Flowers" (25 de abril), entre outros. Ao respecto da programación para



O cantautor bercliano Amancio Prada regresa a Ferrol

os máis pequenos ofrecerase no teatro ferrolán "A ratiña azul" (6 de abril); o ballet de "La Bella Durmiente" (1 de xuño) ou "Can-

tajuegos", o domingo 15 de xuño.

O edil de Cultura insistiu onte en que o obxectivo do Concello

En maio Chévere traerá "Eurozone", a gañadora dos Premios María Casares

de Ferrol é o de "ofertar unha programación que leve xente ao teatro Jofre", ao tempo que definiu como "imaxinativa, anovadora e de calidade" a nova programación para o vindeiro trimestre.

Así mesmo, asegurou que se continúa coa política de prezos que permite que as entradas de calquera espectáculo que teña lugar en Ferrol teñan un custe menor "ao que tería o mesmo evento noutro municipio".

ENTRADAS PARA ARTETA

Por outra banda, do concerto que a soprano Ainhoa Arteta levará a cabo o vindeiro venres, día 4 de abril, no Auditorio de Ferrol en Caranza xa se venderon máis de 550 entradas, o que supón que a primeira actuación en Ferrol desta prestixiosa cantante ten garantido xa un aforo superior á capacidade do Teatro Jofre.

As entradas están á venda no despacho do teatro municipal ou por internet: www.ferrol.es (Apartado Axenda Cultural). O prezo é de 15 euros. ■

BREVES

O folk cósmico de Erik La Chapelle abre en Narón a súa xira europea

O cantautor norteamericano Erik La Chapelle estará ás 22.30 horas na sala naronesa The Calle 88, de O Ponto, para interpretar o seu repertorio de folk cósmico. Será o comezo da súa xira europea que o levará por España, Francia e Italia, con regreso a Nova York. A entrada é libre.

Tropicallo estrea nas Pontes "Rumpelstikin, o anano saltarín"

Títeres Tropicallo e Kalina Teatro estean no auditorio Alovi das Pontes a obra con monicreques de gomaespuma "Rumpelstikin, o anano saltarín". Será ás 18.30 horas e as entradas véndense a un prezo de 3 euros para os adultos e 1,50 para os menores.

Juan Diego protagoniza no Pazo da Cultura de Narón "La lengua madre"

O actor Juan Diego estará ás 20.00 horas no Pazo da Cultura de Narón para representar o monólogo teatral "La lengua madre", de Juan José Millás. Trátase dunha peza que denuncia os eufemismos da linguaxe actual. O prezo da entrada é de 12 e 8,40 euros.

BREVES

O Aturuxo de Melpómene trae a Cedeira a obra de misterio "A ratoeira"

O Auditorio Municipal de Cedeira acolle hoxe a representación da obra teatral "A Ratoeira", unha das pezas máis representadas da popular autora de novelas de misterio Agatha Christie, quen a escribiu en 1952. A responsable de poñela en escena será a compañía de Trasancos O Aturuxo de Melpómene. A función dará comezo ás 20.00 horas e o prezo das entradas é de 2,5 euros. A obra, dirixida pola actriz Mónica Caamaño, narra a historia ambientada na Casa Grande do Pozo dos Monxes, que abre as súas portas aos primeiros hóspedes, ao tempo que informa da posibilidade de quedaren illados pola neve. Esta chega e, con ela, un crime por resolver entre os oito hóspedes da residencia.


Os pequenos entregáronse ao espectáculo "El cohete musical" de Los Lunnis en Dolce Vita Odeón.

Os dez anos de vida televisiva de Los Lunnis pasaron polo centro comercial Dolce Vita Odeón. Alí unha marea de pequenos puido ver en directo o seu espectáculo "El cohete musical", cos presentadores Beatriz e Juan "D", acompañados de catro bailarinas. Nun ambiente abarrotado, os protagonistas asinaron discos e atenderon aos pequenos que quixeron pasarse polo escenario de Odeón.



Un momento da actuación onte das estrelas de Clan TV en Odeón

FIRMA FOTO PEQUENA



Cuberta da publicación

Columba presenta en Covas o número 14 da súa revista

Ás 20.00 horas celébrase na Biblioteca Columba, na cooperativa de Covas, a presentación da nova revista Columba. A prestixiosa publicación inclúe varios traballos de historia e antropoxía local a cargo de varios investigadores. Asistirá o concelleiro da Zona Rural José Polo Veiga.

Emisión de Radio Filipím desde o CEIP de San Xoán de Filgueira

A emisora libre Radio Filipím (93.9 FM) volve saír das súas instalacións para facer unha programación especial a partir das 19.00 horas desde o CEIP de San Xoán de Filgueira. Alí centrarase na experiencia que se desenvolve na actualidade no centro de ensino con presenza de toda a súa comunidade educativa.

O poemario "Alén do silencio", no Colectivo Terra de Pontedeume

A partir das oito do serán o Colectivo Terra de Pontedeume presenta no seu local (Boa vista, 8) o poemario "Alén do silencio", acompañado dun recital poético no que participarán varios dos seus autores como Ramiro Vidal, Xosé Iglesias, María Xestal ou Xurxo Gago, entre outros.